Letras Galegas 2021

XELA ARIAS

A POESÍA DO RETRATO

Fotografías: **Xulio Gil**

Textos poéticos: **Xela Arias**

CAMPUS

OURENSE: 10 > 23 DE MAIO

VIGO: 24 DE MAIO > 6 DE XUÑO

PONTEVEDRA: 7 > 20 DE XUÑO

Universidade Vigo

Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria

Vicerreitoría do Campus de Ourense

Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

Área de Normalización Lingüística

DEPUTACIÓN OURENSE

Letras Galegas 2021

XELA ARIAS

A POESÍA DO RETRATO

Fotografías: **Xulio Gil**
Textos poéticos: **Xela Arias**

CAMPUS
OURENSE: 10 > 23 DE MAIO
VIGO: 24 DE MAIO > 6 DE XUÑO
PONTEVEDRA: 7 > 20 DE XUÑO

Universidade Vigo

Xela Arias
A poesía do retrato

Fotografías: Xulio Gil
Letras Galegas 2021

Xela Arias. Unha oportunidade

Xela Arias é a quinta muller homenaxeada nos máis de 50 anos de celebración das Letras Galegas. Muller creadora cuxa voz singular contribuíu a renovar a poesía galega dos anos 80 en temas, estilo e forma. Unha voz profunda, reflexiva e transgresora que a través da palabra procura novos espazos para afirmar a perspectiva feminista ou para denunciar a orde social opresora.

Xela Arias representa unha muller anticipada ao seu tempo e por iso ten a capacidade de conectar coas xeracións do século XXI. Desde os seus fascinantes retratos en branco e negro, realizados por Xulio Gil, a súa mirada chea de mocidade e valentía, é capaz de espertar o interese de quen a observa.

Xela Arias supón unha oportunidade para chegar aos novos públicos da literatura galega e para reconectar a celebración das Letras coa sociedade.

Unha imaxe icónica, unha voz poderosa e aire fresco para renovar a celebración das Letras.

O noso proxecto expositivo

A exposición «Xela Arias. A poesía do retrato» recompila unha colección de poemas da autora xunto aos retratos realizados polo fotógrafo Xulio Gil nos anos 80 e 90 cando ambos os dous eran parella. Xulio foi Premio da Crítica de Galicia das Artes Plásticas 2013 e autor das imaxes máis emblemáticas de Xela. Trátase de vinte retratos en branco e negro e de excelente calidade coidadosamente seleccionados por Xosé Enrique Acuña entre as máis de 400 fotografías de Xela Arias, que forman parte do arquivo persoal do fotógrafo, hoxe doado ao fillo de ambos os dous, Darío Gil Arias.

A colección de imaxes que forman parte desta exposición permítennos mergullar no universo máis íntimo da autora homenaxeada este ano nas Letras Galegas. Unha serie de fotografías que retratan a poeta Xela posando con determinación e sen artificios ante o obxectivo de Xulio Gil, no seu período vital dos 26 aos 40 anos. Imaxes cargadas de poesía, onde a mirada penetrante de Xela nos observa de fronte e con honestidade.

Vinte e dous retratos dialogando con vinte e dous textos poéticos. Queremos presentar unha potente interacción entre poesía e fotografia que non deixará indiferentes a persoas visitantes.

Ficha técnica

- Poemas: Xela Arias
- Fotografías: Xulio Gil
- Comisario: Xosé Enrique Acuña
- Produción executiva: Xosé Manuel Aldea
- Deseño expositivo: Ouvirmos
- Secretaría técnica: Roberto Conde
- Montaxe e transportes: Emilio López González
- Colaboración de honra: Darío Gil Arias
- Agradecemento especial á familia Xela Arias
- Licenzas: Os poemas e fotografías incluídos nesta exposición aparecen por cortesía de Darío Gil Arias, ©Darío Gil Arias.

A CHUVIA CHOVÍA E ANDANTE ANDABA
PENSO LEVABA FLORES PARA UNHA LÁPIDA
SEN NOME CONVERTIDA EN EDIFICIO
E NOUTRO QUE SE ERGUEN. NO PASADO AVOA
NEGRA MORTA
CUN CANTO QUE ALICIA RECORDA E
PASA POLA VENTÁ

1983